



## Concello de Monterroso

---

### **BASES DE SELECCIÓN PARA A PROCESO SELECTIVO GES E/OU CREAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE PEÓN S PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE A ULLOA- CHANTADA- LUGO CON SEDE EN MONTERROSO**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é o establecemento dun proceso selectivo / dunha bolsa de emprego para a categoría de peóns para o Grupo Municipal de Emerxencias Supramunicipal (GES) da Zona de A Ulloa-Chantada-Lugo, con sede en Monterroso, para cubrir futuras contratacións laborais temporais que xurdan, que resulten necesarias e que non poidan ser atendidas polo persoal deste concello.

As contratacións levaranse a cabo sempre para CUBRIR BAIXAS, VACANTES E SUBSTITUCIÓN S de calquera índole que se produzan durante o actual período de vixencia do Convenio, ata o 31 de decembro de 2018.

No caso da bolsa de emprego, o chamamento, de ser necesario, das persoas integrantes da bolsa, realizarase por rigorosa orde de puntuación, procedéndose a contratatalas mediante as distintas modalidades de contratación laboral temporal previstas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 24 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Será o concello quen discrecionalmente decidirá se procede ou non realizar chamamento.

A xornada de traballo e horario será, para os supostos de empregarse a modalidade contractual de interinidade, o que teña a persoa substituída e para o resto das contratacións, establecerase en función das necesidades do servizo.

O salario bruto mensual, a xornada completa, será o mesmo que o percibido polo persoal laboral temporal que está prestando servizo nestes momentos, coa mesma categoría e para o mesmo servizo subvencionado.

#### **SEGUNDA. LEXISLACIÓN APLICABLE.**

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 24 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; no Texto

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

### TERCEIRA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir-las seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, permita o acceso ó emprego público como persoal laboral.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza á que se opta.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
5. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

6. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes a efectos laborais. (O certificado de escolaridade considérase equivalente ó graduado escolar segundo Orde ECD/1417/2012, do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e doutros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, para efectos laborais); para titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.
7. Estar en posesión do permiso de condución en vigor, tipo C.

Todos os requisitos deberanse posuír como data límite ó último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento da formalización do contrato laboral temporal.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer ó Alcalde-Presidente da Corporación a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

### CUARTA. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o seguinte sistema concurso-oposición:

A) Fase concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido no art. 6º das presentes bases. Será previa á fase de oposición, de carácter non eliminatoria e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello de Monterroso antes do inicio do primeiro exercicio da oposición.

B) Fase oposición: consistente en tres exames, que se realizarán pola seguinte orde, e sempre que sexa posible, no mesmo día (podéndose incluso celebrar os exames en sesións de mañá e tarde), publicándose no taboleiro de anuncios do concello, cunha antelación como mínimo de cinco días, a data de realización dos exercicios (cando se realicen no mesmo día) ou do primeiro exercicio da fase oposición, que se publicará xunto coa relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ó procedemento:

B.1.- Obrigatoria e eliminatoria, consistente en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con catro respostas alternativas cada unha, nas que so unha será a correcta, baseadas no contido do programa que aparece ó final das presentes bases, durante un período de 70 minutos, sendo necesario acadala puntuación mínima

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

de 5 puntos (sobre 10 puntos) para superala e non quedar excluído/a do procedemento de selección. As respostas non contestadas e as incorrectas non penalizan.

B.2. Tamén obrigatoria e eliminatória, consistente na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc...), tendo en conta o temario que aparece ó final das bases, e que será determinada polo tribunal antes da súa realización; valoración máxima 10 puntos, tendo que acadarse un mínimo de 5 puntos, para non quedar eliminado/a do proceso de selección.

B.3.- A terceira proba terá por obxecto acreditar os coñecementos do idioma galego. É obrigatoria e eliminatória. Aqueles/as aspirantes que acrediten estar en posesión, no día finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo do Celga 2 ou equivalente homologado, que quedan exentos/as de realiza-la proba, obtendo a puntuación máxima que se pode obter neste exercicio.

A proba que consistirá na realización dunha tradución por escrito dun texto en idioma castelán ó galego, nun tempo máximo de 30 minutos, cualificarase de 0 a 2 puntos, sen que sexa necesario obter unha cualificación mínima.

Nesta fase de oposición deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos/as aspirantes.

Os exames celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os/as asesores/as ou colaboradores/as designados por este e os/as opositores/as.

As puntuacións dos exames publicaranse no taboleiro de anuncios do concello concello de Monterroso e se procede, na páxina web do concello concello de Monterroso as cualificacións dos/as aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello no mesmo día ou no día seguinte ó da realización do exercicio.

Cando non sexa posible realizar as probas no mesmo día, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e se procede, con carácter non preceptivo e complementario, na páxina web do concello (as publicacións na web municipal non terán validez a efectos de cómputo de prazos), a data, lugar e hora de realización das outras probas; dita publicación realizarase con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Dende a total terminación dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas, e un máximo de 40 días naturais.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídos/as da oposición os que non comparecen.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

Nesta fase oposición, a orde de chamamento dos/as aspirantes para aqueles exames/probas que non poidan realizarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente por aqueles/as que teñan como inicial do primeiro apelido a letra O ou letra seguinte do abecedario no caso de que non se presente aspirante cun primeiro apelido que comece por esa ou seguintes letras de acordo coa Resolución do 3 de febreiro de 2016 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **QUINTA. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases e dirixiranse ó Sr. alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no “Boletín Oficial da Provincia de concello de Monterroso”, sendo o horario de presentación de documentación:

-de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.

O mesmo día no que saia publicada a convocatoria do procedemento no BOP de Lugo, as bases se exporán na páxina web do concello ([www.monterroso.es/es](http://www.monterroso.es/es)), expoñéndose tamén anuncio da convocatoria e forma de obter copia das bases no taboleiro de anuncios do Concello Monterroso co obxecto de cumprir cos principios de máxima publicidade e difusión da convocatoria; no suposto de non ser posible publicar as bases o mesmo día que saia publicada a convocatoria no BOP de Lugo entón o prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir do día seguinte ó da publicación das bases na páxina web do concello.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan ao mail [concello.monterroso@eidolocal.es](mailto:concello.monterroso@eidolocal.es) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. En caso contrario, de chegar a documentación ó Rexistro Xeral do Concello fóra de prazo, entenderase presentada fóra de prazo, quedando excluído/a do procedemento.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade en vigor ou pasaporte en vigor. Os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar documento que

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

acredite ser nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Fotocopia da titulación requirida para o acceso ós postos. No seu defecto, e de se-lo caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar. Se o concello considera que o informe médico aportado non é o suficientemente claro para determinar si se pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e debidamente compulsada de cada un deles.

As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a deste concello en quen delegue, admitíndose tamén as compulsas que se realicen nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

que se presente a documentación para o seu posterior envío (sempre e cando se entreguen no dito rexistro para a remisión ó Rexistro Xeral deste concello), especificados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

### SEXTA. BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte, sendo a puntuación máxima alcanzable de 8 puntos:

#### 1. Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se podería obter por este apartado sería de 6,00 puntos; as funcións a realizar aparecen descritas no art. 1 das presentes bases de formación de bolsa:

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal de GRUMIR, GES ou en Grupos Municipais de Emerxencias similares, prestados nos últimos catro anos, contados dende a data de publicación de anuncio de convocatoria → 0,10 puntos/mes ata un máximo de 3,00 puntos.

b) Pola participación en servizos, non remunerados, prestados para operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendios, e outras tarefas de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou en Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público e prestados nos últimos catro anos, contados dende a data de publicación de anuncio de convocatoria, → 0,10 puntos/servizo prestado, ata un máximo de 2,50 puntos.

c) Por servizos prestados na Administración Pública ou en empresas públicas dependentes desta (Tragsa, Seaga ou similares) ou os prestados en Parques de Bombeiros (aínda que a empresa contratante sexa unha empresa privada que se encargue da xestión do persoal dos mesmos), sempre que se trate de postos de traballo semellantes aos que se convocan e prestados nos últimos catro anos, contados dende a data de publicación de anuncio de convocatoria → 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,50 puntos.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados, polo que os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

Para a xustificación da experiencia profesional como persoal de GRUMIR, GES ou en postos de igual contido no ámbito da Administración Pública ou en Parques de Bombeiros públicos presentárase certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

—Denominación do posto de traballo que desempeñara ou desempeña con expresión do tempo de duración do contrato e a xornada de traballo.

—Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño do posto coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación do posto que se ocupara co da praza á que se opta, o/a interesado/a deberá achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas; non será necesario cando da denominación do posto desempeñado ou do servizo prestado se deduza que está directamente relacionado coas funcións das prazas ás que opta.

Para a xustificación dos servizos prestados en empresas públicas dependentes da Administración Autonómica ou en empresas privadas encargadas de xestionar o persoal de Parques de Bombeiros, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, a xornada de traballo, a ocupación e o servizo prestado (tarefas desenvolvidas); en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse tamén informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, no seu defecto, certificado de empresa.

Os servizos de voluntariado prestados no ámbito da protección civil municipal ou en Agrupación de voluntarios de Protección Civil deberán acreditarse mediante certificación actualizada dos servizos prestados por meses e anos dentro do ámbito

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617





## Concello de Monterroso

---

temporal puntuable (catro anos contados dende a data de publicación de anuncio de convocatoria).

### 2. Formación especializada:

- Pola participación ou impartición de cursos, xornadas e seminarios, organizados por organismos públicos, universidades ou os organizados por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados, avalados ou respaldados por unha administración pública, sempre que teñan relación directa coas funcións da praza obxecto da presente bolsa de traballo, ata un máximo total de 2,00 puntos, baremados do seguinte modo:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

As xornadas e seminarios de duración igual ou superior a 10 horas, valoraranse como se dun curso se tratara. No suposto de que a duración se exprese en días, establécese unha equivalencia de 2 horas por cada día de curso, xornada ou seminario.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos ou impartidos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Cando da propia denominación do curso, non se poida deducir se o curso pode ser ou non puntuable e se teña que acudir ó programa, para que sexa obxecto de puntuación será necesario que o seu programa estea maioritariamente relacionado cos cometidos da praza convocada.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado con aproveitamento o curso, xornada ou seminario, ben sexa a través dun informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora da acción formativa, de certificado ou de copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera das tres xustificacións é válida) e onde se poda comprobar, cando proceda, a homologación ou conforme está avalado por unha administración pública.

Para xustificar a impartición de cursos, xornadas ou seminarios deberá presentarse certificación da entidade organizadora conforme se impartiu e se da propia denominación da acción impartida non se pode comprobar se está ou non relacionado coas funcións da praza obxecto da presente bolsa, entón deberá presentarse ademais o programa do curso. A puntuación levarase a cabo segundo o indicado para os cursos recibidos.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

4. Fase oposición: valorarase cunha puntuación máxima de 22 puntos.

### SÉPTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e dos exames correspondentes á fase oposición, estará integrado polos seguintes membros, todos con voz e voto:

- Presidente: D. Jose Luis Mato Vázquez, suplente D. Luciano García Taboada
- Secretario/a: Dna. María del Pilar Darriba Muñoz, suplente Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Silva del Río
- Vogais: D. Miguel Calvo Otero, suplente Dna. M<sup>a</sup> Cruz Vázquez García  
D. Fernando Otero Gómez, suplente D. Jesús Expósito Castro  
D. Rafael García Figueiras, suplente D. Óscar Fernández Vila

A súa composición publicárase coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ó proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición do tribunal será de forma predominante técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas, pero o tribunal non poderá estar formado maioritariamente por empregados públicos pertencentes á mesma categoría e tipo de praza.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, ós que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto. Así mesmo, o tribunal poderá valerse de colaboradores para o desenvolvemento dos diferentes exercicios. Cando proceda, para a realización e corrección do exercicio do galego, incorporárase ao tribunal como asesor/a un/unha técnico/a especialista en lingua galega.

Intentarase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello; os membros do tribunal terán dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002 do 24 de maio; nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores/as especialistas do tribunal e os colaboradores, que salvo disposición en contrario, percibirán as mesmas cantidades que as establecidas para os vogais.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta, de acordo co establecido no art. 59 da Lei do Emprego Público de Galicia, que o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos, o laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos últimos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. /Sra. Alcalde/sa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O tribunal elevará á autoridade competente a correspondente proposta para adxudicar os postos, consonte coas avaliacións.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

### OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde-presidente ditará resolución, no prazo máximo dun mes, aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, cos nomes e apelidos, o número de documento nacional de identidade e, de ser o caso, causa de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web <http://www.monterroso.es>.

Os/as aspirante/s excluídos/as poderán emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión durante o prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web do listado provisional de persoas admitidas e excluídas. Quen non presente a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web <http://www.monterroso.es>. Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da relación definitiva, ou ben recurso Contencioso-Administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao destas publicacións.

O feito de figurar incluído/a na relación definitiva de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza aos interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente cando o/a aspirante sexa chamado/a.

A resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicará así mesmo a composición do tribunal, data e hora de realización polo tribunal do proceso de valoración de méritos alegados polos/as aspirantes definitivamente admitidos/as, e a citación aos aspirantes para a realización dos exercicios (de realizarse todos nun mesmo día) ou do primeiro exercicio da fase oposición, garantíndose un mínimo de 5 días dende a data de publicación e a do primeiro exercicio ou exercicios.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello Vello e se procede, con carácter non

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

preceptivo e complementario, na páxina web <http://www.monterroso.es> tales publicacións na web municipal non terán validez a efectos de cómputo de prazos.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

A cualificación final do procedemento virá determinada pola suma das puntuacións da fase concurso e da fase oposición establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida no segundo exercicio da fase oposición; de persisti-lo empate, e pola seguinte orde, primeiro exercicio da fase oposición, experiencia profesional e formación especializada. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados/as.

O tribunal formulará proposta de formación da bolsa de traballo coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda. O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer-los recursos previstos na vixente lexislación.

### NOVENA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA EMPREGO

A bolsa constituirase en función da puntuación obtida a través do sistema de concurso-oposición; non formarán parte da bolsa aqueles/as aspirantes que non superen a fase oposición. A maiores, para formar parte da bolsa de traballo, deberase estar en posesión dun curso de carácter teórico-práctico de intervención en emerxencias organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e dirixido para o persoal que supera o proceso selectivo para formar parte dos GES. No suposto de non ter realizado o curso, poderase formar parte da bolsa de traballo, condicionando dita circunstancia á superación do mesmo, si se xustifica que, a persoa en cuestión, vai realizalo mesmo na convocatoria que durante o mes de xaneiro de 2017 vai saca-la Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia (entidade organizadora do mencionado curso).

A bolsa estará ordenada de modo descendente, de maior a menor puntuación, en función do resultado acadado a través deste procedemento.

Soamente se formulará o oportuno contrato laboral temporal con algunha persoa da bolsa de traballo, se xurde unha necesidade como consecuencia de darse algunha das

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

circunstancias descritas na base primeira das presentes bases e non poida ser cuberta dita necesidade por persoal do concello. Polo tanto, apreciada a necesidade procederáse a realizar o chamamento do primeiro/a aspirante da bolsa e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non contestase ó chamamento no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ó de ser notificado/a (chamado/a), o que suporá quedar excluído/a definitivamente da bolsa, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, estar enfermo/a, realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ó mercado laboral ou por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata segundo grado, o que deberá xustificarse documentalmentemente, quedando nestes supostos o renunciante en reserva para o seguinte posto que se poida ofrecer, mantendo polo tanto o mesmo lugar na bolsa.

No suposto de non poder localizarse a un/unha aspirante da bolsa, entón pasarase a chamar ó/á seguinte da bolsa, mantendo a persoa non localizada o mesmo posto que ten na bolsa; non obstante, de repetirse a mesma situación cun segundo ofrecemento de contratación, entón pasará a ocupar o último posto da bolsa.

Cando conste en poder do concello documentación acreditativa conforme a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, que está realizando un curso ou enferma, entón non se procederá o seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista; é responsabilidade da persoa que previamente renunciou a un chamamento polas causas citadas anteriormente o comunicar cando quede de novo dispoñible. Non se aplicará este criterio, respecto dos chamamentos que se realicen para cubrir postos onde se teña que empregar a modalidade contractual de servizo determinado, tendo o concello obrigatoriamente que comezar a chamar á primeira persoa da lista, independentemente do coñecemento da súa situación laboral.

Cando proceda realizar chamamento, este deberá comunicarse por calquera medio, que, procurando a maior axilidade, garante ter constancia da súa recepción, admitíndose tamén como medio de chamamento os realizados por teléfono; cando se empregue este último, entón a persoa encargada do expediente deberá deixar por escrito constancia das incidencias que xurdan dos chamamentos, aconsellando ós/ás candidatos/as que renuncien a que o presenten por escrito.

Unha vez rematado o contrato de traballo que se formalice co concello, o/a candidato/a pasará a ocupar o mesmo lugar que tiña na bolsa. Se durante a vixencia do contrato se renuncia ó mesmo ou se non se supera o período de proba, quedarase excluído/a da bolsa de traballo.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

### DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PREVIA Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O/A aspirante que se chame para traballar segundo a bolsa de traballo creada, presentará no rexistro do concello, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ó do chamamento que lle faga o concello para optar ó posto de traballo a seguinte documentación:

- a) Fotocopia (que deberá presentar co orixinal para compulsar) do seu documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda segundo a base quinta.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.
- e) Fotocopia compulsada da cartilla da Seguridade Social.
- f) Indicación do número de conta bancaria.
- g) Tarxeta da Oficina de Emprego como demandante de emprego ou ben como mellora de emprego.
- h) Copia compulsada do carné de conducir esixido.

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo, entón o/a aspirante proposto deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión. Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser contratado/a; tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade, quedándose excluído/a definitivamente da bolsa, manténdose exclusivamente a mesma posición na bolsa se o certificado médico é desfavorable por posuír unha enfermidade transitoria ou temporal.

Neste suposto procederáse a chamar á persoa seguinte da lista, tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

### DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, formalizarase o contrato entre o Sr. Alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello.

### DÉCIMO SEGUNDA. NORMAS XERAIS E IMPUGNACIÓN

As presentes bases vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, ó ser definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer os seguintes recursos:

-Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases nos medios establecidos nas mesmas.

-Opcionalmente poderán interpoñer recurso Contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da publicación das bases nos medios establecidos nas mesmas.

Os actos administrativos que se deriven das bases e da actuación do tribunal poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

### DISPOSICIÓN FINAL

O tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xurdan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ó proceso avaliador, así como, para tomar os acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos non previstos.

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617





## Concello de Monterroso

---

### ANEXO I

#### MODELO DE INSTANCIA

D/<sup>a</sup>.....provisto/  
a de D.N.I. n°..... con enderezo na  
R/.....n°..... piso.....  
.....

C.Postal.....Localidade.....  
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Monterroso para a formación de bolsa de traballo, para a categoría de peón para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Zona de A Ulloa-Lugo-Chantada

#### DECLARO:

- 1°.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2°.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- 3°.- Que autorizo ó Concello de Monterroso para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello de Monterroso ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 4°.- Que desexo que o idioma no que estea redactado o exame tipo test da fase oposición que se me entregará para realizar sexa en:  
castelán  
galego

....., ..... de.....de 2016

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE .....

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617





## Concello de Monterroso

---

### ANEXO II

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/<sup>a</sup>.....provisto/a de D.N.I.  
n<sup>o</sup>....., con enderezo na  
R/..... núm. .... piso.....

C.P..... Localidade,.....Municipio.....

Provincia.....Teléfono.....

#### DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

.....de.....2016

Asdo: .....

---

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

### ANEXO III: TEMARIO

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)